



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Outubro 2020


Santiago de Compostela, 09 de decembro de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Outubro 2020

- O Índice de producción industrial (IPI) rexistrou en outubro de 2020 un retroceso do 1,9% con respecto a outubro de 2019, mentres que a nivel nacional houbo un retroceso do 6,1%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo, os intermedios e a enerxía decreceron un 8,6%, 2,4% e 2,6% respectivamente. Pola contra, os bens de equipo creceron un 6,5%.
- Por ramas de actividade as achegas negativas mais destacables corresponden á “fabricación de produtos metálicos” que restou 1,5 puntos, seguida da “fabricación de bebidas” que resta 1,3 puntos e a “industria da alimentación”, que minora 0,7 puntos á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas positivas destacan: a “fabricación de vehículos de motor” que engade 3,3 puntos, a “producción de enerxía eléctrica” que engade 0,9 puntos e a “industria da madeira e da cortiza” que suma 0,6 puntos á taxa interanual do índice xeral.

Índice de producción industrial (IPI). Outubro 2020



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de outubro de 2020 en Galicia rexistrou un retroceso do 1,9% en taxa interanual, empeorando en 10,8 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (8,9%). En España, rexistrouse un retroceso do 6,1%, empeorando en 5,5 puntos a taxa acadada no mes anterior (-0,6%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un decrecemento do 8,6%, o que resta 2,5 puntos á taxa interanual.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do 6,5%, o que suma 1,7 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** baixan un 2,4%, cunha repercusión negativa de 0,7 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que retrocede un 2,6% restando 0,4 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de setembro de 2020, por destino económico, os bens de consumo empeoran 24,2 puntos, os bens de equipo empeoran 13,3 puntos, os bens intermedios empeoran 8,8 puntos e a enerxía mellora 11,0 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.


Atendendo ás distintas ramas industriais, no que respecta a repercusións negativas (-7,6 puntos) de 15 ramas, as máis destacables foron: a “fabricación de produtos metálicos” que restou 1,5 puntos, seguida da “fabricación de bebidas” que resta 1,3 puntos e a “industria da alimentación”, que minora 0,7 puntos á taxa interanual.

No que respecta ás repercusións positivas, (5,7 puntos) de 11 ramas, destacan: a “fabricación de vehículos de motor” que engade 3,3 puntos, a “produción de enerxía eléctrica” que engade 0,9 puntos e a “Industria da madeira e da cortiza” que suma 0,6 puntos á taxa interanual do índice xeral.

3. Índices por comunidades autónomas


Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de outubro moveuse entre o 26,2% de Extremadura e o -20,3% de Navarra. Ademais da devandita, presentan variacións interanuais superiores á media estatal: Aragón (5,1%), Castilla y León (1,3%), Comunitat Valenciana (-1,5%), Galicia (-1,9%), Madrid (-3,8%), Asturias (-5,0%) e Cataluña xunto con Cantabria (-5,8%).

IPI outubro 2020 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Outubro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	109,56	-1,9	-9,7	--	--
Bens de consumo	127,31	-8,6	-12,3	-2,5	-3,3
Bens de equipo	120,98	6,5	-11,8	1,7	-3,0
Bens intermedios	125,69	-2,4	-8,3	-0,7	-2,4
Energía	67,58	-2,6	-5,3	-0,4	-1,0
España					
Xeral	107,6	-6,1	-10,9	--	--
Bens de consumo	105,3	-8,3	-8,3	-2,2	-2,1
Bens de equipo	116,6	-9,6	-17,9	-2,4	-4,2
Bens intermedios	114,5	-2,8	-10,1	-0,9	-3,1
Energía	91,6	-3,8	-7,1	-0,7	-1,4

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Outubro 2020

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	-1,9		-9,7		
Fabricación de vehículos de motor, remolques e	24,9	3,3	3,0	0,3	13,1
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	7,4	0,9	2,0	0,3	22,3
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	12,6	0,6	-11,8	-0,5	3,6
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	14,4	0,4	-4,7	-0,1	2,5
Fabricación de material e equipamento eléctrico	13,4	0,2	-5,6	-0,1	1,4
Outras industrias extractivas	6,0	0,1	11,7	0,1	1,1
Confección de roupa de vestir	1,0	0,1	-19,7	-1,0	4,1
Industria téxtil	13,9	0,1	-13,0	-0,1	0,6
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-0,9	0,0	-12,2	-0,3	2,6
Fabricación doutro material de transporte	-8,2	-0,1	-31,4	-0,6	2,0
Industria química	-8,4	-0,1	-7,0	-0,1	1,5
Outras industrias manufactureiras	-35,5	-0,3	-24,3	-0,1	0,5
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-6,3	-0,3	-6,4	-0,3	5,1
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-9,6	-0,3	-9,6	-0,3	4,1
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-14,1	-0,4	-14,8	-0,4	2,0
Fabricación de mobles	-27,3	-0,4	-22,4	-0,3	1,1
Industria do papel	-18,6	-0,5	-11,4	-0,3	2,2
Industria da alimentación	-4,6	-0,7	-1,3	-0,2	13,2
Fabricación de bebidas	-32,1	-1,3	-34,4	-1,5	3,5
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-15,8	-1,5	-25,8	-2,6	7,7
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Outubro 2020

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	107,6	-6,1	-10,9
Galicia	109,6	-1,9	-9,7
Andalucía	95,8	-13,8	-13,2
Aragón	116,6	5,1	-10,2
Asturias	98,5	-5,0	-15,5
Balears (Illes)	73,2	-19,2	-22,6
Canarias	92,0	-7,5	-11,0
Cantabria	114,5	-5,8	-11,9
Castilla - La Mancha	107,0	-7,4	-9,4
Castilla y León	104,2	1,3	-12,0
Cataluña	109,3	-5,8	-11,4
Comunitat Valenciana	113,5	-1,5	-8,3
Extremadura	108,7	26,2	-4,9
Madrid	110,1	-3,8	-8,0
Murcia	113,7	-7,4	-3,2
Navarra	114,6	-20,3	-11,7
País Vasco	106,6	-13,1	-15,3
Rioja (La)	91,7	-13,8	-14,9

Fonte: INE